


Certame educativo Chefs saudables

Edición 2017/18

Bases do certame



O patrón dietético é determinante dun óptimo estado nutricional e de saúde. Os hábitos alimentarios adquirense e consolidanse na infancia polo que esta etapa é especialmente relevante para promover un estilo de vida saudable.

Tema. Elaboración dun vídeo no que os escolares prepararán unha receita saudable. Realizarase un prato principal que alomenos conterá legumes, pescados e/ou verduras e hortalizas. No vídeo debe incluírse unha explicación de porque os escolares consideran que a receita é saudable e cal foi o motivo de selección.

Participación. Poderán participar os centros escolares de Galicia que imparten educación infantil e/ou primaria. Os centros interesados inscribiranse previamente, remitindo a ficha de solicitude de participación antes do 28 de febreiro de 2018, que poderán descargar en <https://www.sergas.es/Saude-publica/Chefs-saudables>

Establécense catro categorías de participación:

1ª Categoría: educación infantil (4º a 6º curso)

2ª Categoría: educación primaria (1º a 3º curso)

3ª Categoría: educación primaria (4º a 6º curso)

Categoría especial: centros educativos cun máximo de 50 escolares matriculados en educación infantil e primaria e que só poderán presentarse nesta categoría.

A participación será por aulas completas e cada aula só poderá presentar un vídeo.

Vídeos. As receitas elaboradas presentaranse en formato vídeo, serán orixinais e incluírán todas as etapas da elaboración do prato así como do prato rematado e o momento de degustación polos escolares e cumpriran os seguintes requisitos:

duración máxima : 2 minutos

formato horizontal MP4 ou .AVI

Criterios de selección. Creatividade, pasos da elaboración da receita, presentación final, degustación do prato elaborado polos escolares, adecuación da proposta para o grupo de idade, adecuada utilización de boas prácticas, ambientación, calidade técnica do vídeo, factibilidade de reprodución por grupos de iguais, outros (ex.: merca dos alimentos necesarios,...)

Prazos.

A data límite de inscrición: 28 de febreiro de 2018.

A data límite da remisión dos vídeos: 15 de abril de 2018.

O xurado fará público a súa decisión na segunda quincena do mes de maio de 2018.

Envío de orixinais. Baixo a referencia Certame Chefs saudables remitiranse os vídeos se xunto coa seguinte información:

- Nome do centro educativo
- Categoría a que se presenta
- Declaración de responsabilidades
- Teléfono e enderezo electrónico da persoa de contacto no centro
- Nomes e apelidos, idade e curso dos escolares participantes

Os vídeos poden enviarse:

· correo-e : Vida.Saudable.Eps@sergas.es

· correo postal ao enderezo da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da provincia correspondente:

Xefatura Territorial de Sanidade da Coruña, Durán Loriga 3 - 3º, 15003 A Coruña

Xefatura Territorial de Sanidade de Lugo, María Balteira, 1, 27001 Lugo

Xefatura Territorial de Sanidade de Ourense, av. de Zamora, 13, 32005 Ourense

Xefatura Territorial de Sanidade de Pontevedra, av. Fernández Ladreda, 43 - 1º, 36003 Pontevedra

Dirección Xeral de Saúde Pública, Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela

Xurado. Estará composto por sete profesionais de recoñecido prestixio e expertos en alimentación:

- 1 representante da Consellería de Sanidade
- 1 representante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- 1 representante do Foro Interalimentario
- 1 representante da Unión de Consumidores de Galicia
- 1 profesional no eido da elaboración técnica culinaria
- 1 profesional no eido de informática e comunicacións
- 1 profesional experto en nutrición

Premios.

1ª categoría: educación infantil (4º-6º curso)

1º premio: xornada lúdico festiva no centro escolar

Dous accesits: kits de ocio saudable para cada alumno

2ª categoría: educación primaria (1º-3º curso)

1º premio: parque multiaventura o máis preto do centro escolar gañador

2º premio: xornada no Parque Zoológico Marcelle Natureza no concello de Outeiro de Rei

3º premio: visita a unha granxa escola o máis preto do centro escolar gañador

3ª categoría: educación primaria (4º-6º curso)

1º premio: xornada no Aquapark

2º premio: parque multiaventura o máis preto do centro escolar gañador

3º premio: visita ao Parque Zoológico Marcelle Natureza no concello de Outeiro de Rei

Categoría especial: centros con menos de 50 escolares

1º premio: parque multiaventura o máis preto do centro escolar gañador

2º premio: xornada no Parque Zoológico Marcelle Natureza no concello de Outeiro de Rei

3º premio: visita a unha granxa escola o máis preto do centro escolar gañador

Propiedade e difusión das obras premiadas. Os vídeos pasarán a ser propiedade da Consellería de Sanidade, que terá a titularidade de todos os dereitos, de calquera índole, sobre as ditas obras, sen que caiba ningún tipo de pretensión ou reclamación posterior dos/as autores/as ou dos seus representantes legais en relación con elas. A Consellería de Sanidade poderá ceder gratuitamente a difusión dos vídeos premiados a outros departamentos da Xunta de Galicia, ao Foro Interalimentario e á Unión de Consumidores de Galicia.